

De acordo co establecido no número 9 das Bases reguladoras da convocatoria de AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2025/2026, infórmase de que ven de ser asinada a **Resolución Definitiva** de concesión/deseestimación das solicitudes presentadas ao abeiro da dita convocatoria.

Segundo se recolle na Base 10, as axudas concedidas serán aboadas despois da presentación da seguinte documentación ao través da sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodebrion.gal>), ou no Rexistro Auxiliar de Servizos Sociais:

- 1) **Factura do gasto** en libros e/ou material escolar, a nome da persoa solicitante, emitida cos requisitos legalmente establecidos, e acreditando o seu pagamento.
- 2) **Declaración responsable** das subvencións, axudas ou ingresos obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións (ANEXO III da convocatoria)
- 3) **ANEXO IV** relación de documentos xustificativos.

A documentación xustificativa presentarase dentro dos **20 días naturais** seguintes á data de publicación desta resolución definitiva (ata 02/12/2025 ás 23:55)

O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta especificado no expediente.